

# DEBUXO ARTÍSTICO (70)

## ***Orientacións para a realización da ABAU 2025.***

A análise do deseño curricular da materia e da súa situación dentro da modalidade de Artes en bacharelato fai que considérese necesario aclarar unha serie de cuestións sobre a proposta de exame.

O obxectivo é que o alumnado poida entender o debuxo coma un medio de coñecemento, de análise e de expresión.

Atendendo os *Saberes Básicos* que se relacionan no Real Decreto 243/2022, BOE n.o 82 do 07/04/2022 e desenvolvidos no Decreto 157/2022, DOG n.o 183 do 26/09/2022 e coa intención de facilitar a preparación da proba, inclúense os bloques e do Bloque 1. unha relación de artistas relevantes, ademais de indicacións sobre o material a empregar.

### **CONTIDOS TEMÁTICOS**

#### ***Bloque 1. Concepto e historia do debuxo.***

- *O debuxo na arte dos séculos XIX e XX. Obras máis representativas de diferentes creadores e creadoras.*
- *Da representación obxectiva á subxectiva. Do figurativo á abstracción.*
- *A Bauhaus e o deseño.*
- *O debuxo como expresión artística contemporánea. Debuxar no espazo.*
- *O debuxo e artes plásticas en Galicia nos séculos XIX e XX. O Laboratorio de Formas.*

#### **Facendo especial incidencia nos seguintes artistas:**

##### **O Cubismo.**

- Picasso (1881-1973)
- Braque (1882-1963)
- J. Gris (1887-1927)

##### **O Impresionismo.**

- Manet (1832-1883)
- Monet (1840-1926)
- Morisot (1841-1895)
- Cassatt (1844-1926)

##### **O Postimpresionismo.**

- Cezanne (1839-1906)
- Van Gogh (1853-1890)
- Gauguin (1848-1903)

**O Simbolismo.**

- Klimt (1862-1918)

**O Modernismo.**

- Mucha (1860-1939)

**O Neoplasticismo.**

- Mondrian (1872-1944)

**A Bauhaus.**

- Kandinsky (1866-1944)

- P. Klee (1879-1940)

**O Expresionismo alemán.**

- Otto Dix (1891-1969)

- G. Groz (1893-1959)

**O Dadaísmo.**

- Duchamp (1887-1968)

**O Expresionismo.**

- Marc Chagall (1887-1985)

**O Fauvismo.**

- Matisse (1869-1954)

**O surrealismo.**

- Dalí (1904-1989)

- Varo (1908-1963)

- Miró (1893-1989)

**O Expresionismo abstracto.**

- Pollock (1912-1956)

- Rothko (1903-1970)

**O Expresionismo figurativo.**

- Bacon (1909-1992)

- Freud (1992-2011)

**O hiperrealismo.**

- A. López (m.1961)

**Bloque 2. A expresión gráfica e os seus recursos elementais.**

- *A retentiva e a memoria visual.*

- *As formas e a súa transformación: a forma entendida como unha estrutura de elementos e relacións. Espazos negativos e positivos das formas.*

- *Textura visual e táctil.*

- *Técnicas gráfico-plásticas, tradicionais, alternativas e dixitais.*

### **Bloque 3. Debuxo e espazo.**

- A liña, o debuxo e a tridimensionalidade.
- A perspectiva. Aplicación da perspectiva cónica ao debuxo artístico.
- Encadramento e debuxo do natural. Relación cos fotografía.
- Espazos interiores, exteriores, urbanos e naturais.
- Xeometría e natureza.

### **Bloque 4. A luz, o claroscuro e a cor.**

- O sombreado e a mancha. Escalas e claves tonais.
- Calidades e relacións da cor. O contraste de cor. Cor local, tonal e ambiental. Usos da cor no debuxo.
- Dimensións da cor. Aplicacións prácticas.
- Perspectiva atmosférica.
- A cor asociada á liña. Arte óptica e xeométrica.

### **Bloque 5. A figura humana.**

- Representación do ser humano ao longo da historia. Canon e proporción. Os esterotipos de beleza en diferentes épocas.
- Nocións básicas de anatomía artística.
- Apuntamento do natural e do escorzo.
- O retrato. Faccións e expresións.
- O corpo humano como soporte e como instrumento de expresión artística.

### **Bloque 6. Proxectos gráficos colaborativos.**

- A distribución de tarefas nos proxectos gráficos colaborativos: criterios de selección a partir das habilidades requiridas e das necesidades do proxecto.
- Fases dos proxectos gráficos.
- Estratexias de selección de técnicas, ferramentas, medios e soportes do debuxo adecuados a distintas disciplinas.
- Estratexias de avaliación das fases e os resultados de proxectos gráficos. O erro como oportunidade de mellora e de aprendizaxe.

## **SOBRE A PROBA**

A proba constará de **4 preguntas de resposta obrigatoria:**

- **A primeira** cuestión de 5 puntos, competencial e creativa. A partir dun texto e unha imaxe realizarase un debuxo creativo con técnica libre.

A realización deste debuxo será sobre un papel que entregárase no momento do exame. O papel será Canson Imagine Mixed Media A4 dun grama-xe de 160 g/m<sup>2</sup>, ou similar.

A técnica a empregar será libre, tendo presente que só podera usar técnicas secas (grafito, lapis ou rotuladores de cores, collage, carbón prensado,...) e/ou húmidas (tinta, acuarela, témpera, collage, ...) de secado rápido e natural, non se poderá usar secador e fixador e o debuxo deberá estar seco no momento de entregar a proba na aula.

O alumno deberá traer ó exame o material necesario para a realización da proba excepto o papel.

- **As tres cuestións restantes** a segunda, terceira e cuarta, de 2, 1,5 e 1,5 puntos, respectivamente, para a análise do proceso de elaboración dunha obra de autor. Unha relación de artistas básicos inclúense neste documento no *Bloque 1. Concepto e historia do debuxo*.

Santiago de Compostela, a 19 de setembro de 2024

Araceli Mercedes Liste Fernández